

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DAS FEIRAS DO LIBRO DE GALICIA NO ANO 2025 E DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, ACTIVIDADES CULTURAIS EN LIBRARÍAS E DIXITALIZACIÓN.

MEMORIA DIXITAL

O director xeral de Cultura e referido ao convenio que se pretende formalizar entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Federación de Libreiros de Galicia,

DECLARA

- Que a súa **vixencia** abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.
- Que o seu **obxecto** é a realización das Feiras do Libro de Galicia, actividades de formación, actividades culturais en librarías e dixitalización, no ano 2025, coa finalidade de ampliar a dinamización cultural do libro e convertendo as Feiras en puntos de encontro culturais de difusión do libro e da lectura.
- Que existe **converxencia de intereses** entre as entidades asinantes para a consecución do obxectivo referido.
- Que se basea na seguinte **fundamentación xurídica**:

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto



a Federación de Libreiros de Galicia é a que ten entre os seus fins a organización das Feiras do Libro de Galicia. Polo tanto, é a federación a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Polo exposto, e a fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende facer, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

